

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE “ESCOLA DE VERÁN 2022” DO CONCELLO DE AMES

D/D^a con DNI/NIE como
proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):
D/D^a

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non presenta febre, diarrea, vómitos, piollos, síntomas compatibles co COVID-19 ou outras enfermidades contaxiosas.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES

(marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoas de 60 anos ou máis, persoas con condicións de alto risco (grupo 7 da estratexia de vacinación, o cal inclúe ás persoas inmunodeprimidas) e mulleres embarazadas

Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou que convive cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN NO QUE SE VAI DESENVOLVER O PROGRAMA ESCOLA DE VERÁN 2022

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

Declaro que lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que se propoñen.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En, a..... de..... de 2022